



ACTA DA SESIÓN ORDINARIA REALIZADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL EN DATA 7 DE AGOSTO DE 2026

PRESIDENTA ACCTAL:

MARÍA JOSÉ PERNAS DÍAZ

(Resolución de Alcaldía nº 471/2026 do 6 de agosto)

MEMBROS:

ISMAEL DURÁN BEREIJO

MANUELA LÓPEZ RODRÍGUEZ:

LUCÍA PICOS ANEIROS

SECRETARIO:

NEDAL PABLO SHEHADEH REY

Na Casa Consistorial do Concello de Cedeira, ás 13:50 horas do día 7 de agosto de 2026, reúnese a Xunta de Goberno Local co obxecto de realizar, en primeira convocatoria, sesión ordinaria baixo a presidencia da Sra. Alcaldesa accidental, e coa asistencia dos Sres./Sras. Concelleiros/as que arriba se relacionan, actuando como Secretario o titular da Corporación, don Nedal Pablo Shehadeh Rey, que dá fe do acto.

A Presidencia accidental, tras comprobar nos termos expostos que se dá o quórum legalmente esixido polo artigo 113 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado por Real Decreto 2568/1986, para a válida realización das sesións da Xunta de Goberno Local, declara aberta esta, pasándose ó estudio e exame dos asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

1. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DO 24.07.2026

De conformidade co preceptuado no artigo 91 do R.O.F., a Presidencia accidental pregunta se existe algunha obxección á acta da sesión realizada en data 24.07.2026, ao non producirse ningunha, a Presidencia accidental somete a votación ordinaria a súa aprobación, da que resulta aprobada por unanimidade dos Sres./Sras. Concelleiros/as.

2. LICENZA DE EDIFICACIÓN PARA PINTADO DE FACHADA EN EXPEDIENTE 2026/U022/000003

Vista a proposta de Alcaldía, asinada dixitalmente con data 04.08.2026, ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Urbanismo de data 07.08.2026, que literalmente di:

“PROPOSTA DE ALCALDÍA

Expediente: 2026/U022/000003

Asunto: Licenza de edificación para pintado de fachada en



Interesado/a:

Situación:

Referencia catastral:

Procedemento: Licenza de edificación

Vista a documentación que consta no expediente, en particular:

Documentación achegada

Título do documento	Solicitude de licenza, orzamento de pintado de fachada, autoliquidación da taxa, xustificante de pagamento e contestación do Servizo de Patrimonio Cultural.
Data documento	A contida no expediente.
Redactor/a	Documentación achegada pola persoa promotora. Orzamento de Buenos Aires Pintura y Decoración.
Data incorporación expediente	Rexistro 202600000000460, do 18.02.2026, e documentación complementaria incorporada ao expediente.

Informes municipais

Documento	Data
Informes técnicos emitidos polo Arquitecto Municipal	21.07.2026
Informe xurídico emitido pola Técnico de Administración	23.07.2026

Afeccións sectoriais

Organismo	Afección	Doc.	Consta	Observacións
Patrimonio cultural	Pintado de fachada de vivenda situada na rúa do Cristo, 36, no ámbito do casco antigo.	PXOM Catálogo Patrimonio Cultural	/ SI /	O Servizo de Patrimonio Cultural indica que non precisa autorización autonómica previa e pode continuar a tramitación municipal.
Patrimonio	Contorna	de PXOM	/ Non procede no	Non se prevén



cultural arqueoloxía	/	protección da Muralla - Cerca de Cedeira, ben arqueolóxico (GA15022032).	Catálogo	alcance informado	remocións de terras nin afección ao subsolo. Se fosen necesarias, requirirase a autorización ou control que proceda.
Outras afeccións sectoriais		Non constan outras afeccións sectoriais que impidan a emisión do informe técnico favorable condicionado.	-	-	-

CONSIDERACIÓNS URBANÍSTICAS

Clasificación urbanística PX	Solo urbano
Cualificación urbanística PX	Solo urbano residencial de casco antigo
Clasificación do solo LSG	Solo urbano
Cualificación / Categoría LSG	Solo urbano consolidado
Ordenanza aplicable	Ordenanza URNA
Finalidade da actuación	Conservación e mantemento. Pintado de fachada.
Uso ó que se destinará	Uso existente, sen cambio de uso.
Tipo de obras	Obras suxeitas ao réxime de licenza municipal
Categoría das obras	Intervención en inmovible catalogado ou no seu contorno, art. 142.2.b LSG
Prazos de inicio das obras	6 meses
Prazos de terminación das obras	3 anos
Redactor/a	Non consta / documentación achegada pola persoa promotora.
Dirección da obra	Non consta / non procede segundo alcance documental.
Dirección de execución da obra	Non consta / non procede segundo alcance documental.
Coordinación de seguridade e saúde	Non consta / non procede segundo alcance documental.
Orzamento de execución material	1.800,00 €



Condicións particulares:

A licenza autoriza exclusivamente o pintado da fachada descrito na documentación presentada.

Cores e acabados

Autorízanse as seguintes cores: NCS S 1502-Y para o pano da fachada e NCS S 2002-Y para os recercados de fiestras e balcón. As carpintarías existentes manteranse en cor branca e non forman parte da actuación.

O acabado será mate ou pouco brillante, uniforme e compatible co soporte existente. Non se autoriza o emprego doutras cores nin a modificación da composición da fachada sen previa conformidade municipal.

Non se autorizan modificacións de ocos, carpintarías, galerías, balcóns, cuberta, estrutura, volume, elementos ornamentais catalogados nin subsolo.

Non se autorizan escavacións, gabias, movementos de terras nin afección ao subsolo sen a autorización ou control arqueolóxico que proceda.

No caso de aparición de elementos de interese cultural, construtivo ou arqueolóxico, deberán paralizarse os traballos afectados e comunicalo ao Concello.

As obras deberán axustarse á documentación presentada e á normativa aplicable.

Polo exposto, en uso das atribucións que me confire a normativa vixente, **PROPOÑO** á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

1. Conceder, salvo dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiro, a licenza municipal de edificación solicitada.

A presente licenza concédese coas condicións particulares, no seu caso, e as xerais en todo caso.

2. As obras executaranse de acordo coa documentación contida no expediente.

De conformidade co disposto no artigo 4.2 da Ordenanza fiscal reguladora do imposto de construcións, obras e instalacións, deberá presentar a autoliquidación do referido imposto no prazo de un mes a contar desde a recepción da notificación do presente acordo, a autoliquidación que terá carácter provisional.

3. Que se dilixencie a documentación obxecto de licenza.
4. Incluír na notificación do acordo as condicións xerais e accesorias da licenza aprobadas na sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local celebrada o 3 de xullo de 2020.
5. Notificar o presente acordo á persoa interesada.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda aprobar a proposta nos termos nos que quedou transcrita.



3. CONTRATO MENOR DE SERVICIO DE PIROTECNIA PARA AS FESTAS PATRONAIS 2026. EXPTE.: 2026/C002/000032

Vista a proposta de Alcaldía, asinada dixitalmente con data 05.08.2026, que literalmente di:

“PROPOSTA DE ALCALDÍA

Asunto: CONTRATO MENOR DE SERVICIO DE PIROTECNIA PARA AS FESTAS PATRONAIS 2026

Expte.: 2026/C002/000032

Dentro das competencias da Alcaldía está a de organización das Festas Patronais do concello.

Con motivo da celebración da festividade da Nosa Señora do Mar, Patrona de Cedeira, o Concello quere anunciar tamén como de costume as tradicionais misa e procesión, con sesións de pirotecnia consistentes en fogos de ruído; e ademais preténdese ofrecer o espectáculo tradicional de fogos artificiais na noite do 15 ao 16 de agosto de 2026.

A maiores tamén haberá fogos de ruído o día 17 de agosto, celebración da Xira campestre.

Este servizo require a súa contratación por unha empresa especializada e que cumpra coas disposicións legais e técnicas esixibles na materia.

O gasto refírese ao servizo de pirotecnia, consistente en fogos de ruído durante os días de celebración da festividade da Nosa Señora do Mar, Patrona de Cedeira, ademais dun espectáculo de fogos artificiais na noite do 15 ao 16 de agosto de 2026.

Para este fin recibíronse os seguintes presupostos:

- PIROTECNIA ROCHA-AREAS, S.L., con CIF B70101530. Presenta con data 31.07.2026 (R.E. 2026/999/1852) un proxecto técnico e oferta económica de “disparo dun espectáculo de fogos e disparo dos fogos de ruído durante os diferentes actos das Festas de Nosa Señora do Mar de Cedeira 2026”, polo importe de 14.800,00 € e 3.108,00 € en concepto de IVE (total IVE incl.: 17.908,00 €).
- ARGIMIRO ALBORÉS MISA (TALLER DE PIROTECNIA), con NIF . Presenta con data 31.07.2026 (R. E. 2026/999/1853) un presuposto de “disparo de fogos de artificio e fogos de ruído, que se dispararán con motivo das Festas Patronais de agosto de 2026”, polo importe de 14.950,00 € e 3.139,50 € en concepto de IVE (total IVE incluído: 18.089,50 €)
- PIROTECNIA LÓPEZ, S.L., con CIF B15368715. Presenta con data 31.07.2026 (R. E. 2026/999/1854) un presuposto de “disparo de fogos de artificio e fogos de ruído, que se dispararán con motivo das Festas Patronais de agosto de 2026”, polo importe de 14.900,00 € (total IVE incl.: 18.029,00 €)

Con data 03.08.2026 o órgano de contratación emitiu unha proposta de gasto por un importe total de 17.908,00 € (IVE incluído).

Con data 04.08.2026 emítese pola Intervención municipal un informe de retención de crédito polo mesmo importe.



Por todo o exposto, propono á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

- 1.- Declarar a conformidade coas propostas presentadas.
- 2.- Aprobar o gasto e adxudicar mediante un contrato menor a PIROTECNIA ROCHA-AREAS, S.L., con CIF B70101530, o servizo de pirotecnia, consistente en fogos de ruído durante os días de celebración da festividade da Nosa Señora do Mar, Patrona de Cedeira, ademais dun espectáculo de fogos artificiais na noite do 15 ao 16 de agosto de 2026, de acordo co orzamento presentado o día 31.07.2026, polo importe de 14.800,00 € e 3.108,00 € en concepto de IVE (total IVE incl.: 17.908,00 €).
- 3.- Notificar o presente acordo aos licitadores.
- 4.- Dar traslado deste acordo aos servizos municipais de Intervención e Contratación.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda aprobar a proposta nos termos nos que quedou transcrita.

4. ASUNTOS VARIOS

Non hai.

E non habendo máis asuntos que tratar, pola Presidencia accidental levántase a sesión ás 13:54 horas do expresado día, estendéndose a presente acta do que eu, como Secretario, dou fe.

A PRESIDENTA ACCTAL
MARÍA JOSÉ PERNAS DÍAZ

O SECRETARIO
NEDAL PABLO SHEHADEH REY